



Concello de Cuntis

Expediente núm.: 1339/2024

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Selección de persoal proceso de estabilización:

Características da praza.

Réxime acceso: PERSOAL LABORAL / Concurso

Denominación da praza: Operario/a de servizos múltiples

Grupo: V

Asunto: Aprobación da relación de aspirantes admitidos/as e excluídos/as

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Antecedentes administrativos

Primeiro. Por Decreto de alcaldía núm. 2022-0403, de data 31 de maio do 2022, resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público para a estabilización de emprego temporal coa relación de prazas especificadas na devandita resolución.

Segundo. No BOPPO núm. 105, de data 2 de xuño do 2022, publicouse anuncio relativo á oferta de emprego público deste concello para a estabilización de emprego temporal ao amparo da Lei 20/2021, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público correspondente ao exercicio 2022.

Terceiro. Por Decreto de alcaldía núm. 2022-1024, de data 27 de decembro do 2022, resolveuse aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para a provisión das 18 prazas anteriormente referenciadas, así como convocar o proceso de estabilización de emprego de 2 prazas de persoal funcionario e 16 de persoal laboral.

Cuarto. No BOPPO núm. 249, de data 30 de decembro do 2022, publicouse anuncio relativo á convocatoria e bases xerais dos procesos selectivos para cubrir as prazas incluídas na oferta excepcional de emprego público para a estabilización do emprego temporal de longa duración deste concello.

Quinto. Por decreto de alcaldía núm. 2024-0616, de data 22 de agosto de 2024, procedeuse a aprobación das bases específicas reguladoras do proceso de estabilización do persoal do concello de Cuntis.

Sexto. No BOPPO núm. 174, de data 6 de setembro de 2024, publicouse anuncio relativo á aprobación das bases específicas reguladoras do proceso de selección para cobertura das prazas incluídas na oferta de emprego público extraordinaria do 2022 para a estabilización do emprego temporal deste Concello.

Septimo. No DOGA núm. 181, de data 19 de setembro de 2024, publicouse anuncio da convocatoria para a estabilización de prazas de emprego temporal incluídas na oferta de emprego público extraordinaria de 2022 e no BOE núm.239, de data 3 de outubro de 2024, publicouse anuncio coa resolución de 24 de setembro de 2024, referente a convocatoria para prover varias prazas na que se fixa o prazo para a presentación de solicitudes.

Oitavo. Vistas as solicitudes de participación presentadas no prazo establecido no apartado 4.2 das bases xerais dos procesos selectivos para cubrir as prazas incluídas na oferta excepcional de emprego publico para a estabilización do emprego temporal de longa duración deste Concello.





Concello de Cuntis

Fundamentos de dereito

Primeiro. Considerando o disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Segundo. Vistos os criterios comúns para a elaboración das convocatorias de estabilización no emprego público local en Galicia asinados pola FEGAMP e os sindicatos CC.OO, CIG e UGT.

Terceiro. Visto que, subsidiariamente, considerase de aplicación a normativa estatal e autonómica relativa aos procesos de selección de persoal, en todo aquilo que non contraveña o establecido na Lei 20/2021, do 28 de decembro, e no acordo FEGAMP-Sindicatos.

Cuarto. Examinadas a convocatoria e bases específicas reguladoras do proceso de estabilización do persoal do concello de Cuntis.

Quinto. Considerando canto antecede, ao abeiro do establecido no artigo 21.1 letra g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local,

RESOLVO

Primeiro. Aprobar a seguinte relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as para a seguinte praza:

Características da praza.

Réxime acceso: PERSOAL LABORAL / Concurso

Denominación da praza: Operario/a de servizos múltiples

Grupo: V

Aspirantes admitidos/as:

	Apelidos e nome	DNI
1	ALFONSO GANDARA JUAN MANUEL	***6163**
2	BOUZO DOMÍNGUEZ FERNANDO	***9547**
3	CONDE GALVÁN JOSE	***5540**
4	MARTINEZ CAMIÑA RAMIRO	***4465**
5	PEREIRA BELLO ISMAEL	***6735**
6	REY BREA ANTONIO	***1835**

Aspirantes excluídos/as:

	Apelidos e nome	DNI	Motivo
1	MÁRQUEZ BARCALA DAMIAN	***6632**	Solicitud mal cubierta(Punto 4.1. das bases xerais)
2	VAZQUEZ GARZA JARAIZ GONZALO ALBERTO	***7794**	Solicitud mal cubierta(Punto 4.1. das bases xerais)





Concello de Cuntis

Segundo. Outorgar ás persoas omitidas ou excluídas un prazo de dez (10) días hábiles para enmendar os erros ou os defectos que motivaron a súa omisión ou exclusión, a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución no Taboleiro de Edictos [<http://concellodecuntis.sedelectronica.gal>] e na páxina web municipal. Transcurrido dito prazo se procederá á aprobación e publicación da relación definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as.

Terceiro. Facer pública a presente resolución mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Edictos [<http://concellodecuntis.sedelectronica.gal>] e na páxina web municipal.

Cuarto. Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Persoal e á Intervención municipal e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o alcalde, na data indicada na marxe, do que como secretaria da corporación dou fe aos exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra "e" do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE AO MARXE

